



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Plan especial no medio rural. Montemaior. A Laracha
Promotor: Fundación Galicia Sustentable
Órgano substantivo: Concello da Laracha
Expediente: 2023AAE2780

O 22.3.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito co concello da Laracha para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial no medio rural. Montemaior. A Laracha", acompañado do borrador do plan e do documento ambiental estratéxico presentados polo promotor. O 13.4.2023 recibíuse a documentación completa para poder iniciar a tramitación ambiental do plan.

Considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) mais o Regulamento que a desenvolve (aprobado mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro) integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG).
- 3 A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental consultará ao órgano competente en materia de urbanismo, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que deberán pronunciarse no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).
- 4 Este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia na tramitación e a participación cidadá.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na páxina web deste órgano ambiental **por un prazo de trinta días hábiles** o documento ambiental estratéxico e mais o borrador do "Plan especial no medio rural. Montemaior. A Laracha".



No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o plan ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.gal
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>)

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2023